

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 22 DE XUÑO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 22 de xuño de dous mil vinte; as trece horas e trinta e cinco e dous minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : Dona María Luz Expósito Pérez, dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez.

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadavia, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte Solicitud, con número de rexistro de entrada 2609 de 16 de xuño de 2020:

Se nos faga chegar copia da memoria valorada polas técnicas de urbanismo municipais das obras que se están a desenrolar no campo de fútbol do Xestal por operarios do concello; servizos municipais, incluído o electricista.

Solicitamos tamén a cuantía económica que vai ser destinada para esta intervención, e de qué partida ou recursos se van a retirar.

A xunta de goberno acorda comunicar que, dado que se trata de obras de mero mantemento, non existe memoria valorada, tal e como é a práctica habitual neste concello para as obras de mantemento.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello número 264 de 16 de xuño de 2020, no que expón:

En relación coa decisión unilateral da alcaldía deste concello de non abrir a piscina municipal e a información publicada antes na prensa que nas canles oficiais , como membro do Consello Municipal de Deportes, expoño:

Unha queixa formal por este procedemento da alcaldía .Esta non é a primeira vez que sucede algo semellante nesta lexislatura , para exemplo o escurantismo imperante nas obras e xestión posterior no campo de fútbol ou na apertura rozando a ilegalidade na desescalada do pavillón de

deportes, o mesmo podería dicir da negación a facer un informe técnico da situación do campo de fútbol do Xestal.

Solicito:

- 1 Todas as decisións deben ser abordadas e decididas no ámbito do Consello Municipal de Deportes.
- 2 Outras decisións que sexan de urxencia, non é este o caso, deben ser informadas con anterioridade no seo do Consello Municipal de Deportes
- 3 Esixo unha rectificación desta actitude e unha desculpa desde a alcaldía a todos os membros do Consello Municipal de Deportes.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e dar traslado da solicitude ao Consello Municipal de Deportes.

-Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estévez, en representación do grupo municipal do BNG, con rexistro de entrada no concello número 2630 de 17 de xuño de 2020, no que expón:
Na actualidade están a realizarse os traballos iniciais pola empresa adxudicataria, dentro do Plan de banda larga da Xunta e do Plan Estatal do Ministerio; para a implantación de rede de fibra óptica no noso concello.

Solicita :

Se nos facilite a documentación relativa e este plan que obra no concello : datas de actuación, zonas que se van a ver beneficiadas...

A xunta de goberno acorda remitir a documentación obrante no concello.

Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estévez, en representación do grupo municipal do BNG, con rexistro de entrada no concello número 2631 de 17 de xuño de 2020, no que expón:

Logo da decisión de non abrir as piscinas municipais esta tempada estival, entendemos que hai que darlle unha alternativa á xente para o baño e o lecer.

A maioría das familias non teñen piscina privada poden, polo que o concello debe preparar zonas de baño e lecer á beira dos nosos ríos, con servizos de limpeza e salvamento que se prestarían nas piscinas.

Solicita:

Saber o custe que para o concello suporía a adaptación das piscinas aos protocolos requeridos.

Que se habiliten para o baño e lecer zonas repartidas polo noso concello á beira dos cursos fluviais e espazos naturais:

-zona recreativa da Veronza.

- o Pociño de Francelos, río Outeiro.
- Beiras do Miño en Ventosela e San Paio.
- Beiras do Avia nas zonas recreativas de San Cristovo e A Quinza.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e remitirse ao informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes.

Visto o escrito presentado por Galicia Autoestampaciones SAU solicitando acometida de auga no Polígono Industrial parcelas 27-38, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso Industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 11-6-2020 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito do Xulgado Social de Ourense nº 3 , procedemento ordinario 00146/2020, demandante D Ramón Vila Garrido, demandado concello de Ribadavia, citando ao concello de Ribadavia como parte demandada.

A xunta de goberno acorda personarse ante o Xulgado do Social nº 3 de Ourense, no procedemento ordinario 00146/2020, encomendando a defensa dos intereses municipais ao letrado don Jorge Pulido Parga.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA DENOMINADA “INFRAESTRUCTURA E REMATE DE OBRAS DE BEIRARUAS ”.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 da obra denominada “Infraestructura e remate de obras de beirarúas”, redactada polas Directoras da Obra, Dona Mercedes Alvarez López e Dona Begoña ArreguÍ Rodriguez, executada pola empresa Desmaco S.L.U.por un importe total de 6.555,50 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1, anteriormente indicada por importe de 6.555,50 euros, aboamento que se fará con cargo as aportacións da Deputación Provincial de Ourense.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Desmaco S.L.U. co nº 200039 de data 18.06.2020, pola mesma cantidade.
3. Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 2º TRIMESTRE DO 2020.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 2º trimestre do 2020, por importe de 50.936,78 euros, tarifa de depuración por importe de 9.857,43 euros, máis 6.092,53 euros de IVE, resultando un total de 66.886,74 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 2º trimestre do 2020, por importe de 18.558,40 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.393,93 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 9.184,48 euros.- Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 1 de xullo e o 25 de agosto de 2020”.

Contrato menor de loxística, luz e son da MIT de Ribadavia 2019.

Sendo imprescindible para o desenvolvemento da MIT de Ribadavia dispoñer dos medios necesarios de loxística, luz e son ao carecer o concello dos mesmos.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 17 de xuño de 2019.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

- 118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. .
- 118.2 Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto con fin de evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado anterior.
- 118.6 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.
-
- 131.3 Os contratos menores poden adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.
- 29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

Contratar con Recursos Técnicos Artísticos SLU a loxística, luz e son da MIT I de Ribadavia 2019, por un importe total ,IVE engadido de 18.148 euros.

Aprobar o prego de prescripcóns técnicas particulares para o presente contrato, que se consideran parte integrante do mesmo con carácter vinculante para o concello e o contratista e copia das cales notificaranse ao contratista co acordo de adjudicación.

Aprobar o gasto por importe de 18.148 euros con cargo ao vixente orzamento.

Contrato menor de servizos para montaxe e desmontaxe da Mostra Internacional de Teatro

Sendo necesario para a celebración da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia de 2020.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para efectuar a prestación, facendose necesario a realización dun contrato de servizos ao efecto.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 17 de xuño de 2019.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

- 118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. .
- 118.2 Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto con fin de evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado anterior.
- 118.6 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.
-
- 131.3 Os contratos menores poden adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.
- 29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

Contratar con Chacoto SL o montaxe e desmontaxe da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia de 2020, por un importe total ,IVE engadido de 12.000 euros.

Aprobar o gasto por importe de 12.000 euros .

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE SERVICIOS.-

Sendo convinte que durante o período de verán , ao ter rematado o período lectivo, o concello oferte aos cativos e cativas de Ribadavia unha actividade infanto-xuvenil que ocupe, divirta e eduque..

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 17 de xuño de 2019.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

- 118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. .
- 118.2 Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto con fin de evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado anterior.
- 118.6 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.
-
- 131.3 Os contratos menores poden adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.
- 29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

Contratar con dona Rocío Estévez Rodríguez en representación de Estudio Arte a actividade Avia Concilia 2020 por importe de 14992,89 euros

Ten carácter contractual a memoria e orzamento presentados pola adxudicataria.

Aprobar o gasto por importe de 14992,89 euros con cargo ao vixente orzamento.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

**ADJUDICACIÓN DE CONTRATO DE DESPLIEGUE DE UNA RED WIFI EN RIBADAVIA
DENTRO DEL PLAN WIFI4E**

En ejercicio de la competencia atribuída por el artículo 25.2.ñ) de la Ley Reguladora de Bases de Régimen Local : Competencia municipal , promoción en su término municipal de la participación de los ciudadanos en el uso eficiente y sostenible de las tecnologías de la información y las comunicaciones y con la finalidad de ofertar un mejor servicio a los vecinos y vecinas.

En ejercicio de competencia delegada en esta Junta de gobierno por Decreto de Alcaldía de 17 de junio de 2019.

Vista la Ley 9/2017 de contratos del sector Público: -

118.1 Se consideran contratos menores los de valor estimado inferior a 40.000 euros , cuando se trate de contratos de obras, o a 15.000 euros, cuando se trate de contratos de suministros o de servicios.

. - 118.2 En los contratos menores la tramitación del expediente exigirá la emisión de un informe del órgano de contratación justificando de manera motivada la necesidad del contrato y que no se está alterando su objeto con fin de evitar la aplicación de los umbrais descritos en el apartado anterior.

- 118.6 Los contratos menores se publicarán en la forma prevista en el artículo 63.4.

- - - 131.3 Los contratos menores pueden adjudicarse directamente la cualquier empresario con capacidad de obrar que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación. –

- 29.8 Los contratos menores no pueden tener una duración superior al año ni ser prorrogados.

La Junta de Gobierno acuerda contratar con RURAL GALEGO CONECTADO SLU la instalación de los puntos de acceso y electrónica de red asociado al proyecto de despliegue de una red Wifi en Ribadavia dentro del Plan Wifi4eu por importe de 14.970,58 euros IVA .

Tiene carácter contractual la memoria y el presupuesto presentados por el adjudicatario.

Aprobar el gasto por importe de 14.970,58 euros con cargo al presupuesto vigente.

Notificar la resolución al adjudicatario en el plazo de diez días.

APROBACIÓN DE PREZOS PUBLICOS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en relación coa actividade denominada Avia Concilia 2020, acorda aprobar os seguintes prezos públicos:

	EMPADRONADOS EN EL CONCELLO DE RIBADAVIA	NO EMPADRONADOS
QUINCENA	25€	47€
MES	48€	90€

O pago a ingresar realizarase directamente na conta bancaria do Concelloto (ES10 2080 5173 4131 1000 3104 Concepto: Avia Concilia 2020 + nombre del usuario).

NUMERO DE PRAZAS

Xullo: 75 NIÑ@S

45 prazas no grupo de 7-14 anos

30 prazas no grupo de 3-6 anos

Agosto:45 NIÑOS

20 prazas de 3-6 años

25 prazas de 7-14años.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as catorce horas e sete minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.